



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo de Fin de Grao

| | | | | |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia | Traballo de Fin de Grao | | | |
| Código | V01G400V01991 | | | |
| Titulación | Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 4 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | Luna Selles, Carmen | | | |
| Profesorado | Luna Selles, Carmen | | | |
| Correo-e | virginials@uvigo.es | | | |
| Web | http://https://moovi.uvigo.gal/ | | | |
| Descrición xeral | O Traballo de Fin de Grao consistirá na realización e defensa por parte dos e das estudantes dun traballo tutelado no que, baixo a dirección dun titor ou titora, se apliquen e desenvolvan de forma integrada os contidos formativos e as competencias asociadas ao título de Graduado en Ciencias da linguaxe e Estudos literarios. Xa que é un requisito para a graduación, debe entenderse como unha oportunidade de aprendizaxe que ilusione antes que coma un mero trámite. | | | |

Resultados de Formación e Aprendizaxe

| | |
|--------|---|
| Código | |
| A1 | Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A2 | Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A3 | Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B1 | Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios. |
| B2 | Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar. |
| B3 | Capacidade do estudantado no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos e literarios. |
| B4 | Mellora da capacidade de comunicación en español, galego e portugués en diferentes contextos profesionais, traballando as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas. |
| B5 | Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título. |
| B6 | Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao. |
| B7 | Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios. |
| B8 | Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico. |
| B9 | Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías. |

- B10 Integrar coñecementos e poder desenvolver un proceso de comunicación sólido a partir dunha información que, aínda que sexa incompleta, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas ao proceso comunicativo.
-
- C1 Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
-
- C2 Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
-
- C3 Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
-
- C4 Coñecemento básico da lingua latina e a súa cultura.
-
- C5 Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
-
- C6 Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
-
- C7 Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da teoría e crítica literaria.
-
- C8 Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
-
- C9 Coñecemento de retórica e estilística.
-
- C10 Coñecemento dos conceptos e métodos da literatura comparada.
-
- C11 Coñecemento da evolución histórica interna e externa do español.
-
- C12 Coñecemento da evolución histórica interna e externa do galego.
-
- C13 Coñecemento da situación sociolingüística da lingua galega/española.
-
- C14 Coñecemento teóricos e metodolóxicos para o ensino da lingua materna.
-
- C15 Coñecemento das repercusións lingüísticas e interculturais do contacto de linguas.
-
- C16 Coñecemento da historia dos países da Península Ibérica.
-
- C17 Capacidade para elaborar textos orais e escritos de diferente tipo.
-
- C18 Capacidade para localizar, utilizar e aproveitar a información contida en bases de datos e outros instrumentos informáticos e Internet.
-
- C19 Capacidade para avaliar críticamente a bibliografía consultada e encadrala nunha perspectiva teórica.
-
- C20 Coñecemento teórico e práctico dos dicionarios do español/galego/portugués nos seus diferentes formatos.
-
- C21 Coñecemento teórico e práctico da fonética e da fonoloxía do galego, español e portugués.
-
- C22 Coñecemento da situación sociolingüística da lingua portuguesa.
-
- D1 Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
-
- D2 Comunicación oral e escrita na lingua materna.
-
- D3 Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
-
- D4 Capacidade para adaptarse a novas situacións.
-
- D5 Capacidade de xerar novas ideas.
-
- D6 Capacidade de xestionar a información.
-
- D7 Apreciación da diversidade e a multiculturalidade.
-
- D8 Habilidade para traballar de forma autónoma.
-
- D9 Capacidade crítica e de autocrítica.
-
- D10 Capacidade de análise e síntese.
-
- D11 Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
-
- D12 Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.
-

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

| | | | | |
|--|----|-----|-----|-----|
| - Ser capaces de redactar un traballo, baseado nos coñecementos adquiridos no grao, cunha base teórica e metodolóxica. | A1 | B1 | C1 | D1 |
| | A1 | B2 | C2 | D2 |
| | A2 | B3 | C2 | D3 |
| - Ser capaces de extraer conclusións dos resultados obtidos. | A3 | B4 | C3 | D4 |
| | A4 | B5 | C4 | D5 |
| - Saber adaptar o discurso escrito á situación académica, tanto no que respecta ao estilo, a estruturación e o uso de técnicas tipográficas. | A5 | B6 | C5 | D6 |
| | | B7 | C6 | D7 |
| | | B8 | C7 | D8 |
| - Saber adaptar o discurso oral á situación de defensa do traballo. | | B9 | C8 | D9 |
| | | B10 | C9 | D9 |
| | | | C9 | D10 |
| | | | C10 | D11 |
| | | | C11 | D12 |
| | | | C12 | |
| | | | C13 | |
| | | | C14 | |
| | | | C15 | |
| | | | C16 | |
| | | | C17 | |
| | | | C18 | |
| | | | C19 | |
| | | | C20 | |
| | | | C21 | |
| | | | C21 | |
| | | | C22 | |
| | | | C27 | |

Comprender e interpretar coñecementos acerca dos fundamentos da xestión de empresas turísticas:
Problemas económicos internos e interrelaciones entre os distintos subsistemas

Contidos

| Tema | |
|---------------------|--|
| 1. Contidos do grao | Xa que o obxectivo do TFG é a avaliación das competencias do grao, o TFG pode versar sobre calquera dos contidos do grao, ou calquera aspecto relacionado con eles, aínda que non estea expresamente incluído en ningunha das materias. O tema específico do TFG deberá ser acordado entre a/o estudante e a persoa titora asignada. o TFG non ten que ser obrigatoriamente un traballo de investigación, pode ter un enfoque de carácter máis profesional (corrección de textos, asesoría lingüística, programación de actividades de normalización, edición de textos, etc.), didáctico (confección dunha unidade didáctica, etc.), creativo (ensaio, teatro, conto, etc.) ou calquera enfoque que permita ao discente amosar ter acadado as competencias do grao. |
| 2. Estructura | A estrutura do traballo adaptarase á natureza do mesmo polo que será o titor/a quen aconselle en cada caso a estrutura máis adecuada ao tema do traballo. |

3. Pautas de redacción e presentación

Sen prexuízo do anterior, establénse os seguintes aspectos formais que todos os traballo, independentemente da súa natureza, deben levar:

0. Portada. Deberá ter os datos que seguen:

□ Grao Universitario en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios /
Facultade de Filoloxía e

Tradución / Universidade de Vigo (na parte superior dereita).

□ Título completo do TFG/Autoría (no centro);

□ Mes/ano de presentación (parte inferior).

Tendo en conta que o TFG é unha materia máis do grao, non é necesaria a mención do titor ou titora na portada do mesmo xeito que non aparece nos traballos de curso. No caso de que se desexa facer mención, farase no interior do traballo.

1. Resumo informativo de entre 200 e 250 palabras.

2. Índice paxinado.

3. Corpo do traballo. Estructura a determinar co titor/a do traballo.

4. Bibliografía. A variedade de traballos e áreas de coñecemento fai imposible impoñer un sistema único, recoméndanse o sistema APA e o sistema Chicago con nota completa, que poden cubrir tanto os estudos lingüísticos coma os literarios. En caso de non empregar ningún deles recoméndase empregar un sistema de citas e referencias estandarizado por cuestións pedagóxicas e de corrección (p.e. MLA, IEEE, Vancouver, etc.). En calquera caso e con independencia do sistema de referencia bibliográfica empregado, o alumnado debe amosar coherencia na súa aplicación.

5. Anexos.

Recoméndase que o TFG teña unha extensión entre 7000 a 9000 palabras (sen contar anexos) pero, dado a variada natureza dos posibles temas de traballo, a extensión terá que adaptarse ao tema escollido; ha de lembrarse que o TFG é unha materia de 6 créditos, unha extensión excesiva excedería as horas de traballo do alumnado e os obxectivos do TFG.

O TFG deberá ser entregado en PDF.

4. Defensa oral

De acordo co Regulamento do TFG vixente na Facultade de Filoloxía e Tradución, a defensa oral é obrigatoria. Constará dunha exposición por parte do/a autor/a do traballo (max. 10 minutos), seguida dos comentarios do tribunal unipersoal (max. 15 minutos), con breve resposta do/a autor/a.
*tribunal unipersonal: titor/a.

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Traballo tutelado | 5 | 135 | 140 |
| Presentación | 0.5 | 7.5 | 8 |
| Actividades introdutorias | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---------------------------|--|
| Traballo tutelado | O/A estudante desenvolve un traballo orixinal sobre os contidos do Grao baixo as directrices e supervisión do titor/a. |
| Presentación | Defensa oral, perante un tribunal unipersonal formado polo titor/a. |
| Actividades introdutorias | Exposición por parte da coordinadora das bases teóricas e/ou directrices do traballo que o/a estudante ten que desenrolar. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|------------|
|--------------|------------|

| | |
|----------------------------|---|
| Traballo tutelado | O/A estudante contará coa supervisión dun titor/a. Para a asignación de titores e titoras o estudiantado deberá entregar, segundo o calendario fixado, a súa petición na que, en impresos formalizados, indicará o docente e as liñas de traballo que desexa por orde de preferencia; así, para a primeira liña de preferencia marcará 1, 2 para a seguinte e así sucesivamente. Unha vez recollidas todas as preferencias, a asignación farase por expediente académico, de maior a menor, procurando distribuír a carga de traballo entre o profesorado; así que, en primeiro lugar distribuirase un traballo por docente para, proceder a asignar un segundo ou terceiro traballo en caso de ser necesario. Esta forma de asignación busca que a liña de traballo asignada ao discente sexa a máis alta da lista de preferencias e a distribución equitativa da carga de traballo entre o profesorado na procura de mellorar a titorización. |
| Presentación | O/A estudante contará coa supervisión dun titor/a. |
| Actividades introductorias | |

| Avaliación | | | | | | |
|---|---------------|---------------------------------------|-----|-----|-----|--|
| Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | | |
| Traballo tutelado | 80 | A1 | B1 | C1 | D1 | |
| Valórase: | | A2 | B2 | C2 | D2 | |
| A calidade técnica do traballo, fundamentación teórica, proposta metodolóxica e capacidade crítica (60%). | | A3 | B3 | C3 | D3 | |
| A presentación escrita, especialmente a corrección formal e a adecuación aos estándares descritos nesta guía (20%). | | A4 | B4 | C4 | D4 | |
| | | A5 | B5 | C5 | D5 | |
| | | | B6 | C6 | D6 | |
| | | | B7 | C7 | D7 | |
| | | | B8 | C8 | D8 | |
| | | | B9 | C9 | D9 | |
| | | | B10 | C10 | D10 | |
| | | | | C11 | D11 | |
| | | | | C12 | D12 | |
| | | | | C13 | | |
| | | | | C14 | | |
| | | | | C15 | | |
| | | | | C16 | | |
| | | | | C17 | | |
| | | | | C18 | | |
| | | | | C19 | | |
| | | | | C20 | | |
| | | | | C21 | | |
| | | | | C22 | | |
| Presentación | 20 | A4 | B4 | C9 | D2 | |
| Valorarase especialmente a habilidade e o dominio da linguaxe verbal e a capacidade de síntese. | | | B8 | C17 | D4 | |
| | | | | | D6 | |
| | | | | | D10 | |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para a avaliación seguirase o disposto no *Regulamento do Traballo Fin de Grao* da Facultade de Filoloxía e Tradución.

A matrícula do traballo de fin de grao dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se cumpran os requisitos para a súa defensa recollidos no Regulamento do TFG. En caso de non superar a materia nese curso, poderá solicitar un adiamento da avaliación no seguinte curso académico.

O TFG ha de ser supervisado pola persoa titora asignada ao estudante. Para que o alumno/a poida iniciar a solicitude de defensa a través da secretaría virtual esíxese que previamente conte co informe favorable do seu titor/a, tamén xerado telemáticamente.

Coa finalidade de que a persoa titora poida realizar o seu labor de supervisión e seguimento do TFG, compatibilizándoo con obrigacións académicas (e o estudante poida efectuar, no seu caso, as correccións pertinentes, compatibilizándoas tamén con outras tarefas académicas), o titor/para pode acordar co estudante tutorizado un calendario de entregas parciais e final do traballo.

Salvo que o titor déalle outras indicacións ao estudante, este deberá entregar ao seu titor/a un borrador do traballo completo con polo menos quince días naturais de antelación á data de inicio da solicitude do prazo de defensa. A persoa titora responderá o estudante coas observacións e correccións oportunas nun prazo común de 7 días naturais, sen prexuízo de que poida acordar co alumno/a un prazo maior por motivos xustificadas de sobrecarga de traballo ou outras circunstancias razoables concorrente.

O seguimento dunhas normas éticas considérase básico na elaboración do TFG. En particular, o respecto polo recoñecemento da autoría allea. Así, **calquera plaxio** identificado será motivo de suspenso do TFG. Entenderase por plaxio calquera reprodución literal presentada como propia dun texto alleo, independentemente da súa extensión ou calquera apropiación das ideas ou metodoloxía dun autor ou dunha autora que non se mencione nas referencias e, isto, sexa cal sexa a súa procedencia.

Os TFG poderán ser sometidos a avaliación do plaxio por medio de calquera dos programas antiplaxio existentes e os informes obtidos ser remitidos ao titor ou titora ou á comisión de avaliación correspondente para a súa consideración.

Recoméndase que o estudiantado visite a plataforma Moovi con regularidade. Os avisos e anuncios faranse mediante esta plataforma vía correo electrónico. É responsabilidade do/da estudante consultar os medios de comunicación establecidos.

Este documento constitúe soamente unhas indicacións e recomendacións sobre o TFG, o cal se rexe polo Regulamento do TFG da FFT.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BUSTOS GISBERT, J. M., **La construcción de textos en español**, Universidad de Salamanca, 1996

CASSANY, D., **La cocina de la escritura**, Anagrama, 1995

MONTOLÍO, E. (coord.), **Manual práctico de escritura académica**, Ariel, 2000

NÚÑEZ LADEVÉZE, L., **Teoría y práctica de la construcción del texto**, Ariel, 1993

REYES, G., **Cómo escribir bien en español**, Arco/Libros, 1998

WALKER, M., **Cómo escribir trabajos de investigación**, Gedisa, 2000

COROMINA, Eusebi, Xavier CASACUBERTA y Dolors QUINTANA, **El trabajo de investigación**, Octaedro, 2002

HARVEY, Gordon, **Cómo se citan las fuentes**, Nuer Ediciones, 2001

ORNA, Elisabeth y Graham STEVENS, **Cómo usar la información en trabajos de investigación**, Gedisa, 2001

REGUEIRO, M^a Luisa y Daniel M. SÁEZ RIVERA, **El español académico. Guía práctica para la elaboración de textos académicos**, Arco/Libros, 2013

TRIGO ARANDA, Vicente, **Escribir y presentar trabajos en clase**, Prentice-Hall, 2002

Bibliografía Complementaria

ECO, Umberto, **Cómo se hace una tesis. Técnicas y procedimientos de investigación, estudio y escritura**, Gedisa, 1983

LÁZARO CARRETER, Fernando, **Diccionario de términos filológicos**, Gredos,

MONTEMAYOR HERNÁNDEZ, María Velia, María Consuelo GARCÍA TREVIÑO y Yolanda GARZA GORENA, **Guía para la investigación documental**, Trillas, 2002

NOVELLE LÓPEZ, Laura, **Elaboración de TFG, TFM e teses: Claves para o éxito**, Universidade de Vigo, 2022

Recomendacións